

ORDENANZA FISCAL Nº2- REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS

Artigo 1º. De conformidade co previsto nos artigos 88 e 89 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, o coeficiente e a escala de índices do Imposto sobre Actividades Económicas aplicables neste Municipio quedan fixados nos termos que se establecen nos artigos seguintes.

Artigo 2º. Para todas as actividades exercidas neste termo municipal, as cotas mínimas das Tarifas do Imposto sobre Actividades Económicas serán modificadas mediante a aplicación sobre estas do coeficiente único 1.

Artigo 3º.

1. A os efectos previstos para a aplicación da escala de índices do artigo seguinte, as vías públicas clasifícanse en 2 categorías fiscais.

2. Anexo a esta Ordenanza figura un índice alfabético das vías públicas deste Municipio con expresión da categoría fiscal que corresponde a cada unha delas.

3. As vías públicas que non aparezan sinaladas no índice alfabético serán consideradas de última categoría, permanecendo cualificadas así ata o 1 de Janeiro do ano seguinte a aquel en que se aprobe polo Pleno desta Corporación a categoría fiscal correspondente e a súa inclusión no índice alfabético de vías públicas.

Artigo 4º.

Sobre as cotas modificadas e atendendo á categoría fiscal da vía pública onde radique a actividade económica, establécese a seguinte escala de índices:

Índice para a categoría 1ª: 1,4

Índice para a categoría 2ª: 1

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza fiscal, así como o anexo índice alfabético de vías públicas, entrarán en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comenzarán a aplicarse a partir do día un de xaneiro de 2008, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

ANEXO

Indice provisional alfabético de vías públicas dentro de cada categoría:

Categoría 1ª: Monte Forgoselo no lugar de Racamonde.

Polígono industrial, dende a ponte sobre o río Xubia ata a estrada de San Sadurniño a Campolabrado.